

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Estes días apareceu publicado nunha coñecida rede social, un vídeo gravado por unha cuadrilla de caza de Carnota, o pasado domingo 30 de agosto.

Neste vídeo amósase os graves incumprimentos das medidas sanitarias da Xunta de Galicia no que se denomina “bautismo de caza” onde unha das persoas implicadas, sen máscara, frota o sangue dun xabril abatido sobre outro cazador, ao que suxeitan dous compañeiros máis, estes tamén sen máscara hixiénica nin ningún tipo de distancia interpersonal.

Estas prácticas evidencian un terrible desprezo pola saúde pública e a seguridade médica da cidadanía galega, expoñendo a persoas veciñas e familiares por desfrutar dunha xornada de caza.

Máis non é a única imaxe de incumprimento. As redes sociais dalgúns cazadores amosan un incumprimento reiterado das medidas de carácter preventivo publicadas pola Xunta de Galicia no Diario Oficial de Galicia en sucesivas ordes, onde a distancia interpersonal non se respecta en absoluto e é moi complexo dilucidar se se cumpren outras medidas, como a desinfección.

Noutros casos pódense ver a cazadores en establecementos de hostalería en grupos superiores ás dez persoas con toda tranquilidade.

A maiores, non se pode esquecer que nestas batidas pode existir participación de persoas menores de idade, xa que a Lei de Caza de 2013 non especifica idade mínima para participar como acompañantes ou espectadores.

Por todo o exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai identificar a Xunta de Galicia ás persoas que incumpren para proceder as preceptivas sancións administrativas?



2. É consciente o Goberno galego de que estes incumprimentos nun colectivo tan específico xeran unha fonda preocupación na cidadanía?
3. Vai restrinxir ou determinar máis medidas sanitarias para a realización de batidas, monterías ou calquera outra modalidade de caza logo das imaxes e dos incumprimentos?
4. Ten previsto modificar a Lei de Caza do ano 2013, no relativo a idade mínima para participar na cacería como acompañantes ou espectadores?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/09/2020 16:10:06

